



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN “UNIVERSIDADE DA CORUÑA” PARA O
DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA: “AVALIACIÓN E TRATAMENTO
TERAPÉUTICO DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación “Universidade da Coruña” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre ambas as dúas institucións para a organización e realización do programa “AVALIACIÓN E TRATAMENTO TERAPÉUTICO DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO” desenvolvido pola “UNIDADE DE INVESTIGACIÓN EN INTERVENCIÓN E CUIDADO FAMILIAR (UIICF) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA”. Este programa inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico dos/as menores derivados/as polos Equipos Técnicos de Menores da Consellería de Política Social, o seguimento e avaliación científica dos resultados e o asesoramento aos profesionais e coidadores dos/as menores que estean recibindo o tratamento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





A Universidade da Coruña conta cunha Unidade especializada en Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF), que constitúe un servizo de atención e investigación familiar orientado a responder a demandas e necesidades socio-sanitarias e psicolóxicas, desde un enfoque centrado prioritariamente nos recursos e funcionamento dos sistemas familiares.

Ofrece atención gratuita a familias e persoas con problemas diversos mediante programas aplicados concertados con outras entidades. Ademais a UIICF forma profesionais e realiza investigacións para mellorar a calidade da atención familiar e é a unidade responsable do curso de postgrado Experto en Intervención Familiar e do Curso de Supervisión Clínica en terapia familiar.

A produción de investigación do equipo da UIICF inclúe varios libros e capítulos en editoriais de gran prestixio (APA Books, Lawrence Erlbaum, Paídos, Pirámide) así como múltiples artigos en revistas internacionais de primeira liña sobre psicoterapia e intervención con familias e menores (Journal of Family Therapy, Journal of Counseling Psychology, Psychotherapy Research, Psychotherapy, International Journal of Social Psychiatry, entre outras).

A UIICF ten as súas dependencias no Hospital Naval de Ferrol, onde conta con 3 salas de terapia, dúas salas de observación e traballo en equipo, unha sala de reunións, unha aula, un despacho de dirección, unha sala de espera e unha sala de recepción e xestión de datos.

Para a xestión dos proxectos de investigación, servizos de asesoramento, información e apoio á investigación, “másters”, cursos de postgrado, de especialización e análogos que realicen os profesores e departamentos da Universidade da Coruña con entidades públicas ou privadas, a citada Universidade ten subscrito un convenio de colaboración coa FUNDACION UNIVERSIDAD DE LA CORUÑA (FUAC).

A FUAC é unha institución privada sen ánimo de lucro, de carácter benéfico-docente, constituída para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa Sociedade. Dentro do seus obxectivos figura a promoción da actividade profesional, a creación de emprego, a investigación, a formación e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.





O proxecto, definido polo equipo da UIIFC, ten unha múltiple vertente:

- A actuación concreta cos menores derivados ao programa e as súas familias, aplicando o tratamento terapéutico desenvolvido pola Unidade nas súas diferentes fases: avaliación, intervención terapéutica propiamente dita e seguimento.*
- Desenvolvemento da investigación aplicada, a través do estudo de casos, supervisión clínica e avaliación de resultados, que permita avanzar na mellora do método empregado.*
- A formación a profesionais e familias, desenvolvida a través da actividade formativa da FUAC e concretada para os menores derivados ao programa nun servizo de apoio á intervención en Crise, a través do que se asesora e apoia aos cuidadores do menor (educadores ou acolledores) para o axeitado tratamento e intervención nas situacións de especial dificultade que xurden no comportamento do menor.*
- A coordinación e integración na rede profesional de atención socio-sanitaria e educativa, orientada a crear unha sinerxia óptima coa atención de saúde mental e os dispositivos de acollemento residencial (ou familiar se é o caso). Esta integración de recursos permite a eficacia do programa e tamén a súa eficiencia en termos de custo-resultado.*

Debido a estas características, para a execución do proxecto é preciso contar coa colaboración de distintos profesionais e institucións, de carácter público e privado, do ámbito da investigación, da educación e da sanidade, coordinados e supervisados baixo unhas directrices e metodoloxía comúns. Así, está prevista a participación no proxecto de Universidades Públicas (a propia UDC e outra/s), científicos independentes de recoñecido prestixio internacional, psiquiatras da rede pública de saúde mental e profesionais privados da psicoloxía clínica que serán seleccionados, formados e supervisado pola UIICF sobre a base de criterios científicos avalados por resultados de proxectos de investigación previos.

Por estas razóns, considérase acreditado que non existe na actualidade outra entidade capaz de desenvolver un programa destas características e, polo tanto, non procede promover a concorrência pública.

Por outra banda, tendo en conta os obxectivos pretendidos: promover a investigación no ámbito da intervención e cuidado ás familias, proporcionar asesoramento e formación aos





profesionais e cuidadores familiares dos menores, e prestarlles a estes o tratamento especializado que necesitan, considérase que o seu obxecto non se corresponde con ningún dos recollidos na LCSP e polo tanto xustifícase a formalización dun convenio de colaboración para a súa execución.

A FUAC percibirá da Consellería de Política Social con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio de 161.920,00 € para o ano 2016.

Ao ter unha obriga de gasto superior a 150.000,00 € o convenio de colaboración deberá ser autorizado polo Consello da Xunta de Galicia.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia, preténdese realizar con data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016..

O número de casos a atender estímase ao redor dos 200.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago a _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

